NOTA INFORMATIVA SOBRE SOBRE AS MEDIDAS COVID PUBLICADAS NO DOG O 25-06-2021

"A evolución da situación epidemiolóxica non require, neste momento, adoptar medidas limitativas de dereitos fundamentais que, en todo caso e de conformidade co exposto, están suxeitas á obtención da autorización xudicial previa [...] Neste sentido, a presente orde substitúe, no que respecta ás medidas de prevención específicas non limitativas de dereitos fundamentais, a Orde do 28 de maio de 2021". Así comeza o Diario Oficial de Galicia do 25 de xuño do presente ano.

Á luz do publicado polas autoridades, o marco de comprensión e aplicación da normativa ben definido por:

- Non hai actividades prohibidas pero si reguladas.
- A regulación ten como finalidade evitar a propagación dunha enfermidade altamente contaxiosa.
- A regulación segue mantendo, en función dunha serie de parámetros técnicos (situación sanitaria e presión nas UCI, taxa de incidencia por cada cen mil habitantes a 7 e 14 días, criterios demográficos e ritmo de vacinación), catro niveis de restrición:
  - *Nivel Máximo (A)*

    Na nosa diocese non hai, de momento, ningún concello neste nivel.
  - *Nivel Alto (B)*

    Na nosa diocese non hai, de momento, ningún concello neste nivel.
  - *Nivel Medio (C)*

    Na nosa diocese non hai, de momento, ningún concello neste nivel.
  - *Nivel Medio-Baixo (D)*

    Todos os concellos da nosa Diocese atópanse encadrados neste nivel.
- Para todo o non regulado nesta normativa, e no que sexa compatible con ela, aplicarase o disposto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020.
- Esta regulación normativa está en vigor ata o 10 de xullo.

Normas específicas

O DOG do 25 de xuño establece normas específicas para:

Lugares de culto.

1. Na Comunidade Autónoma de Galicia, a asistencia a lugares de culto non poderá superar o 75% da súa capacidade, salvo nos concellos recollidos na letra A [nivel máximo], que non poderán superar o 50% da súa capacidade.

   Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal nas súas instalacións de acordo co establecido no punto 1.3.

   Ese punto di:

   A distancia de seguridade interpersoal é de 1,5 m. entre as persoas asistentes.

   Cando, polas condicións de desenvolvemento da actividade e capacidade máxima autorizadas en cada caso de acordo coas medidas de prevención previstas neste anexo, non sexa posible manter a dita distancia de seguidade deberá usarse máscara en todo momento, garantir unha adecuada ventilación e o cumprimento das medidas de prevención e hixiene aplicables, sen prexuízo de que se deba procurar manter a máxima separación posible entre os diferentes grupos de persoas non convivientes, así como o debido control para evitar as aglomeracións.

   Así mesmo, nas actividades que se efectúan cos asistentes sentados en espazos pechados será suficiente que se manteña un asento de separación, ou un espazo equivalente á dimensión dun asento no caso de que estes non sexan fixos, entre os distintos grupos de persoas convivientes asistentes sentados na mesma fila de asentos, así como inmediatamente diante e detrás, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

   a) Que se conte con asento preasignado.

   b) Que se utilice sempre a máscara.

   c) Que se utilicen medidas de ventilación adecuada.

   d) Que se cumpran as medidas de prevención, capacidade máxima e hixiene.

   e) Que non se permita o consumo de alimentos e bebidas.

   A capacidade máxima deberá publicarse en lugar visible do espazo destinado ao culto.

2. Deberán establecerse medidas para ordenar e controlar as entradas e saídas aos lugares de culto para evitar aglomeracións e situacións que non permitan cumprir coa distancia de seguridade.

3. As limitacións previstas nos números anteriores non poderán afectar en ningún caso o exercicio privado e individual da liberdade relixiosa.
4. Nas actuacións e nas actividades de ensaio que impliquen a participación de coros e agrupacións vocais de canto deberá asegurarse que se respecte en todo momento a distancia de seguridade interpersoal entre os integrantes do coro ou da agrupación e, polo menos, de 3 metros entre estes e o público. Será obrigatorio, en calquera caso, o uso de máscara durante toda a actuación e nas actividades de ensaio.
5. Sen prexuízo das recomendacións de cada confesión en que se teñan en contan as súas particularidades, na celebración dos actos de culto deberanse observar as seguintes medidas de hixiene e prevención:

   a) Procurarase manter a distancia de seguridade interpersoal entre os participantes entre si e co público asistente e o uso de máscara será obrigatorio.

   b) Diariamente deberanse realizar tarefas de desinfección dos espazos utilizados ou que se vaian utilizar e de xeito regular reiterarase a desinfección dos obxectos que se tocan con maior frecuencia.

   c) Organizaranse as entradas e saídas para evitar aglomeracións de persoas nos accesos e inmediacións dos lugares de culto.

   d) Poranse á disposición do público dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida debidamente autorizados e rexistrados en lugares accesibles e visibles e, en todo caso, na entrada do lugar de culto, que deberán estar sempre en condicións de uso.

   e) Non se permitirá o uso de auga bendita e as ablucións rituais deberán realizarse na casa.

   [Esta norma non se pode interpretar en sentido maximalista porque iso impediría incluso bautizar; enténdese que fai referencia á auga das pías situadas nas entradas das igrexas]

   f) Facilitarase no interior dos lugares de culto a distribución dos asistentes sinalizando, se for necesario, os asentos ou zonas utilizables en función da capacidade permitida en cada momento.

   g) Nos casos en que os asistentes se sitúen directamente no chan e se descalcen antes de entrar no lugar de culto, usaranse alfombras persoais e situarase o calzado nos lugares estipulados, embolsado e separado.

   h) Limitarase ao menor tempo posible a duración dos encontros ou celebracións.

   i) Durante o desenvolvemento das reunións ou celebracións evitarase o contacto persoal, tocar ou bicar obxectos de devoción ou outros obxectos que habitualmente se manexen.

6. A utilización do exterior dos edificios ou da vía pública para a celebración de actos de culto con acompañamento de público deberá desenvolverse nas condicións que determine a autoridade municipal, á cal lle corresponde a súa autorización. Nestes casos, con carácter previo á celebración, delimitarase o espazo ou itinerario e a asistencia de público estará limitada a un máximo de 1.000 persoas. Procurarase manter a distancia de seguridade interpersoal entre os participantes entre si e co público asistente, e o uso de máscara será obrigatorio para os participantes e para o público asistente.

   Este punto repítese no apartado 4.6.2 cando fala de romarías, desfiles, exhibicións de música ou baile ou actividades similares en espazos abertos e con acompañamento de público na vía pública.

   Sobre este actos de culto no exterior convén seguir os criterios xa expostos:

   - *Dialogar coas autoridades locais, confrarías ou comisións de festas para valorar a conveniencia e posibilidade de celebrar as romarías e procesións.*

   Neste diálogo tense que ter presente:

     - *a concorrencia de fieis; será máis doado organizar unha procesión de poucas persoas que outra multitudinaria,*
     - *e o percorrido; máis sinxelo un percorrido corto que outro moi longo.*

   - *Clarificar quen é a entidade organizadora:*

     - *se é a parroquia eclesiástica queda a xuízo do párroco asumir ou non a organización dos actos e polo tanto a responsabilidade dos mesmos.*
     - *no caso de que a entidade organizadora sexa o concello, a confraría ou a comisión, o párroco colaborará na medida das posibilidades.*

   - *Propoñer, con creatividade, alternativas: que se valore acortar os percorridos ou que só asistan á procesión un número limitado de persoas. Tamén se pode pensar noutras opcións: que procesione só a imaxe mentres os fieis a acompañan co rezo desde o lugar da celebración; que os fieis, en vez de acompañar á imaxe andando, estean parados ocupando o percorrido da procesión e mantendo a distancia de seguridade, de xeito que só se move a imaxe.*

Velorios e enterros

1. Os velorios poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, debidamente habilitadas cun límite máximo, en cada momento, de 10 persoas por túmulo, sexan ou non conviventes.
2. A participación na comitiva para o enterramento ou despedida para cremación da persoa falecida restrínxese a un máximo de 50 persoas, sexan ou non conviventes, ademais de, se é o caso, o ministro de culto.
3. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada.

Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas ou civís

As cerimonias nupciais e demais celebracións relixiosas ou civís deberán respectar as regras de capacidade e as medidas de hixiene e prevención que sexan de aplicación ao lugar onde se desenvolvan.

Por "outras celebracións relixiosas" podemos entender comuñóns, confirmacións, ordenacións... A excepcionalidade desas cerimonias non as exime de cumprir as normas xerais.

Catequese

Aínda que o curso catequético xa rematou, neste momento a catequese presencial poderíase facer en grupos de seis catequizandos máis o catequista.

Festas, verbenas, outros eventos populares

Nos concellos con restricións máxima, alta ou media (letras A, B e C) as actividades de festas, verbenas e outros eventos populares non están permitidas.

Nos concellos con restrición medio-baixa (letra D) poderanse realizar festas, verbenas e eventos populares, pero:

- En espazos pechados, delimitados e sectorizados.
- Cun máximo de 500 asistentes por cada sector.
- Nun espazo ventilado; se se usa carpa sen peches laterais.
- Con uso obrigatorio de máscara.
- Non está permitido fumar.
- Non se pode comer nin beber fora da zona habilitada para ese uso.

Actos institucionais ou académicos

- Nos concellos de nivel A, o 50% da capacidade máxima do local sempre que o público permaneza sentado; sen superar o máximo de 250 persoas en lugares pechados e de 500 se se trata de actividades ao aire libre.

- Nos concellos enumerados nas letras B, C e D do anexo II, estas actividades poderán desenvolverse, sen superar o 75% da capacidade permitida, sempre que o público asistente permaneza sentado e cun límite máximo de 500 persoas para lugares pechados e de 1.000 persoas se se trata de actividades ao aire libre

Museos e visitas guiadas

- Nos museos poderanse realizar actividades ata ocupar o 75% da capacidade máxima permitida (o 50% nos concellos co nivel máximo, letra A).

- As visitas guiadas poderanse realizar cun máximo de 20 persoas máis o guía.

Visita a enfermos

Os enfermos hospitalizados convén que sexan atendidos só polos capeláns hospitalarios, xa que están familiarizados cos protocolos de seguridade.

A visita aos enfermos no seu domicilio farase cumprindo sempre as normas de prevención.

Horario de peche das igrexas

Non se di nada de maneira explícita, tal vez porque na mente do lexislador non está contemplado que as igrexas teñan horario nocturno.

Se tomamos como referencia os establecementos hostaleiros a franxa horaria de peche vai desde as 23,00 horas ata as 03,00 horas.

Campamentos

1. Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil sempre que se limite o número de participantes ao 70% da capacidade máxima, cun máximo de 125 participantes, excluído o persoal monitor, cando estas actividades se leven a cabo ao aire libre.
2. Cando se realicen unicamente en espazos pechados, non se deberá superar o 70% da capacidade máxima do recinto e cun máximo de 50 participantes, excluído o persoal monitor.
3. As actividades poderán realizarse en ambos os supostos en grupos de ata 10 participantes, excluído o persoal monitor correspondente, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos. Cada grupo terá asignado, cando menos, un monitor, que se relacionará sempre co seu mesmo grupo. Así mesmo, primaranse as actividades

que non requiran contacto físico e non se poderán realizar actividades que impliquen contacto físico constante entre participantes.

4. Os albergues e campamentos xuvenís poderán manter unha ocupación de ata o 70 % da súa capacidade máxima.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nas instalación.

No caso dos campamentos, a ocupación nas tendas de campaña será do 50 % da súa capacidade máxima habitual, garantindo sempre a distancia interpersoal.

Vigairía de Pastoral

J. Vidal